



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte n.º: 2824/2017

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 03/17

Visto que da liquidación do orzamento do exercicio 2016, aprobada por Decreto da Alcaldía n.º 2017-0473 de 30/06/2017, obtivéronse os seguintes datos:

- Capacidade de financiamento: 1.275.475,64 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 929.309,21 €
- Remanente de tesourería axustado segundo Disp. Adic. 6ª apartado 1.b): - 38.493,31 €

Visto que o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira, establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir o endebedamento neto, e que non é posible legalmente adicalo ás finalidades previstas na Disposición Adicional 6ª de dita Lei, xa que o remanente de tesourería axustado cos cálculos que establece dita disposición resulta negativo por importe de – 38.493,31 €.

Visto que é obrigatorio realizar dita amortización de endebedamento neste exercicio 2017 e que o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 011.91300 non contempla esta amortización extraordinaria.

Visto que é posible a financiación deste crédito extraordinario co remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2016.

Vista a Memoria da Alcaldía e o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 03/17, por un importe total de 929.309,21 € coa finalidade seguinte:

- APLICACIÓN DO SUPERAVIT DO EXERCICIO 2016 Á REDUCCIÓN DE ENDEBEDAMENTO.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

APLICACIÓNS DE GASTOS:

PROGRAMA	ECONOMICA	DENOMINACION	IMPORTE
011	91300	Débeda pública. Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	929.309,21 €

SUBCONCEPTO DE INGRESOS:

SUBCONCEPTO	DENOMINACION	IMPORTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	929.309,21 €

SEGUNDO.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

TERCEIRO.- Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,
O Alcalde
José Luis Piñeiro García